XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545227 – Fax 981

N/REF: JMB/ras

ASUNTO: Informe do anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Por escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 22 de maio do presente ano, remítese solicitude de informe sobre o anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia. Achégase coa dita solicitude o borrador do devandito anteproxecto de lei e a Memoria xustificativa (coa táboa de vixencias) deste anteproxecto.

Por correo electrónico do 4 de xuño remiten novo texto do anteproxecto cunha modificación do seu artigo 38.4.

En relación có devandito anteproxecto, a solicitude da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade co disposto no Decreto 111/1984, do 25 de maio, de regulamentación de réxime interior da Xunta de Galicia, esta dirección xeral emite o seguinte,

INFORME

I.- A Comunidade autónoma de Galicia asumiu, a través do artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do medio ambiente en virtude da cal nosa Comunidade Autónoma vén ditando normas específicas sobre a produción e a xestión de residuos, tal foi o caso da aprobación, no seu día, da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, que constituíu a norma marco de referencia en materia ambiental, así como a aprobación máis adiante da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, xustificada pola necesidade de completar o marco xurídico xa existente regulando, de conformidade co disposto na normativa básica aprobada nos últimos anos, a produción e xestión de residuos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia

O presente anteproxecto, que derroga a Lei 10/2008 (agás no sinalado na súa disposición transitoria segunda), ten por obxecto:

- Dispoñer na nosa Comunidade Autónoma dun marco normativo que, de conformidade co marco competencial referido, concilie o réxime xurídico común ou básico coas peculiaridades que presenta ou pode presentar a xestión dos residuos no noso territorio.
- Actualización dos textos anteriores adaptándoos á normativa básica estatal, introducindo elementos novos ou mantendo outros que se modifiquen parcial ou totalmente.
- Procurar unha normativa máis completa en cada unha das materias para regular, tecnicamente máis acomodada para facer fronte ás necesidades existentes na nosa Comunidade e acorde coa experiencia e os avances que esta materia experimentou nos últimos anos.
- Simplificar as cargas administrativas impostas ao administrado así como a mellora no control

CVE: dB5TB0GVc6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545227 – Fax 981

e a xestión efectiva dos procedementos administrativos regulados.

II.- En canto á estrutura formal do anteproxecto de Lei distribúese en nove títulos (Disposicións e principios xerais; Política de residuos, instrumentos; Da produción, posesión e xestión de residuos; Xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais; Responsabilidade ampliada do produtor do produto; Expropiación; Dos solos contaminados; Fomento; Vixilancia, inspección e control) integrados por noventa e un artigos, completándose con tres disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións finais.

III- Respecto ao contido do anteproxecto de Lei, no que atinxe ás materias competencia desta Dirección Xeral, cómpre sinalar que o seu artigo 72.1 indica expresamente que as funcións de vixilancia e inspección ambiental serán realizadas por persoal funcionario (en consonancia co sinalado no artigo 22.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.)

De conformidade co exposto, esta Dirección Xeral emite o presente informe do anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 04/06/2019 14:22:41

CVE: dB5TB0GVc6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve